

INFORMACIÓN DE INTERESE SOBRE O FUNCIONAMIENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	
Data de realización	✓ Do 1 de outubro de 2023 a maio de 2024
Datos de interese	✓ Haberá servizo de traslado dende o comedor ás actividades no Crespo Rivas, recollendo despois ós menores en dito centro.
Inscricións	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Cubrindo a follla de inscrición e enviándoa a través do correo electrónico a extraescolares@anias.es, ou persoalmente na oficina de Anias sita na rúa Echegaray nº 39 baixo, Pontevedra, ou depositándoa directamente no buzón habilitado na conserxería ata o día 27 de setembro de 2023. ✓ Inscricións durante o curso escolar: antes do día 20 do mes anterior ao inicio da actividade, polo mesmo sistema.
Cota e calendario	<ul style="list-style-type: none"> ✓ A cota mensual de cada actividade é a que se indica no calendario. ✓ As actividades extraescolares réxense polo calendario escolar. As horas de actividades que coincidan con días festivos ou non lectivos, non serán recuperables e o importe da cota será fixo todos os meses do curso.
Baixa, cambio de actividade ou alta noutra actividade	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Sempre por escrito solicitando impreso ao/á monitor/a da actividade ou por e-mail a extraescolares@anias.es, antes do día 20 do mes anterior ao que se solicita. ✓ Respecto ás baixas comunicadas posteriormente a dita data non poderán ser efectivas ata o mes seguinte polo que se efectuará o cargo do pago mensual correspondente.
Cobros	<ul style="list-style-type: none"> ✓ As actividades extraescolares cobranse por medio de domiciliación bancaria nos primeiros quince días do mes. <ul style="list-style-type: none"> -No caso de devolución de recibos sumárase 1,10€ por cada un, polo cargo do banco de gasto de devolución. -No caso de dous recibos devoltos consecutivos darase de baixa automaticamente ó/á menor no programa, non podendo asistir ó mesmo ata o pago da contía correspondente.
Información	<p>Oficina: R/ Echegaray nº 39 baixo, Pontevedra. Horario de 9:00 a 14:00 - Teléfono: 986 86 45 98 Coordinación: 685 535 202 / 649 34 64 57 (tardes) (Coky/Ana)</p>

! INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE O INICIO DAS ACTIVIDADES:
A EMPRESA SOAMENTE AVISARÁ ÁS FAMILIAS ANOTADAS EN ACTIVIDADES QUE SE CANCELEN POR NON CHEGAR AO MÍNIMO DE INSCRICIÓN. NO RESTO DOS CASOS NON SE COMUNICARÁ O INICIO DE CADA ACTIVIDADE, ENTENDENDO QUE DARÁN COMEZO NO MES DE OUTUBRO NOS DIAS, HORARIOS E LUGARES INDICADOS NO CALENDARIO.



Alumnos/as de Educación Infantil



ACTIVIDADES	DÍA	HORA	ESPAZO	SOCIOS ANPA	NON SOCIOS
FÚTBOL SALA (6º infantil)	Luns	16:30 a 17:30	Patio cuberto	16€	21€
BALLET	Luns	16:30 a 17:30	Aula	16€	21€
EXPRESIÓN CORPORAL E XOGO DRAMÁTICO	Luns	16:30 a 17:30	Aula	16€	21€
INICIACIÓN AOS DEPORTES DE EQUIPO	Martes	16:30 a 17:30	Patio cuberto	16€	21€
ECOLOXÍA E HORTO	Martes	16:30 a 17:30	Aula externa e invernadoiro (a partir de marzo)	16€+2€ material	21€ +2€ material
PATINAXE (5º e 6º Infantil)	Mércores	16:30 a 17:30	Patio cuberto	16€	21€
XOGANDO E CANTANDO EN INGLÉS	Mércores	16:30 a 17:30	Aula	16€	21€
BAILE MODERNO	Mércores	16:30 a 17:30	Aula	16€	21€
BAILE MODERNO	Mércores	17:30 a 18:30	Aula	16€	21€
PINTURA	Mércores	17:30 a 18:30	Aula	16€ +3€ material	21€+3€ material
TARDE DE XOGO (4º infantil)	Luns ou mércores	16:30 a 18:30	Aula	25€	30€

BREVE DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

FÚTBOL SALA: O fútbol sala é unha actividade que reporta innumerables beneficios a cativos/as que a practican; primeiro porque é un deporte, e implica un exercicio físico fundamental para o seu desenvolvemento e, en segundo lugar, as actividades que se desenvolven cunha pelota permiten traballar facetas que noutras modalidades non se practican tan en profundidade.

BALLET: As clases de ballet (predanza) teñen como obxectivo introducir aos máis pequenos/as no mundo da danza desde un enfoque lúdico e psicomotriz. Ademais de inculcar paulatinamente conceptos e movementos básicos da danza, as destrezas que se traballan son a flexibilidade, coordinación, atención e situación no espazo.

EXPRESIÓN CORPORAL E XOGO DRAMÁTICO: Esta actividade desenvolve capacidades persoais como a observación, a creatividade e potencia a comunicación. Realizándose nun clima lúdico e de confianza que lles permita aos nenos e nenas expresar emocións, sentimentos, ideas...así como desenvolver a capacidade de observación, a imaxinación e a comunicación.

INICIACIÓN ÓS DEPORTES DE EQUIPO: Esta actividade serve para iniciar a cativos/as na práctica do exercicio físico nun ambiente lúdico e distendido, combinando as actividades deportivas coas actividades lúdicas favorecendo a formación integral do/a neno/a.

ECOLOXÍA E HORTO: A través desta actividade lúdico-educativa foméntase nos nenos e nenas un modelo de vida e hábitos máis saudables. Aprenderán, á vez que se divirten, sobre ecoloxía, como crear e manter un horto, cales son as ferramentas que se empregan para traballar nel, os tempos de cultivo dalgunhas froitas e verduras así como sinxelas e saborosas receitas que elaborarán a partir dos produtos cultivados por eles/as.

PATINAXE: O patinaxe é unha actividade recreativa e un deporte que axuda a desenvolver o equilibrio e a harmonía corporal a través de movementos e exercicios. O alumno/a aportará equipo (patíns, casco e proteccións).

XOGANDO EN INGLÉS: Actividade para potenciar o uso do inglés oral coa fin de que non supoña un esforzo para os/as máis pequenos/as. Cunha metodoloxía baseada no uso de xogos, medios audiovisuais, cancións, contos e o xogos teatrais para crear un espazo de expresión e comunicación no que os/as nenos/as podan aprender xogando.

BAILE MODERNO: O baile é unha actividade artística que desenvolve a sensibilidade, a imaxinación, a creatividade e a comunicación humana; converténdose nun importante elemento socializador ao tempo que axuda a adquisición de hábitos saudables e a desenvolver a coordinación de movementos, así como a atención.

PINTURA: É imprescindible estimular a rapaces e rapazas dende ben cativos/as para favorecer unha linguaxe visual que lles permita desenvolver a súa creatividade. Polo que nesta actividade trataremos de que os/as rapaces e rapazas consigan utilizar o debuxo e a mancha coma un medio de expresión e comunicación das súas sensacións e sentimentos.

TARDE DE XOGO: O xogo ten un papel fundamental no desenvolvemento integral dos nenos de todas as idades, sobre todo en idade infantil. A través das diferentes propostas de xogos (construción, simbólicos, motrices, de expresión oral e corporal, musicais...), propíciase a creatividade e imaxinación, estímúlase a comunicación así como o desenvolvemento cognitivo, psicomotor e afectivo-social do neno/a.